



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUGARDOS E O CLUB PEIROS MUGARDOS

Mugardos, 16 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte a Sr. Alcaldesa María del Pilar Díaz Otero, con D.N.I. [REDACTED], en nome e representación do Concello de Mugardos, con CIF.: P-1505200D, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei reguladora das bases de réxime local, asistida do Secretario da Corporación, D.Rafael Bermúdez Iglesias, que da fe do acto.

Pola outra parte o Presidente do Club Pulpeiros de Mugardos Ramón Romero Mandía con D.N.I. [REDACTED] en nome e representación do Club Pulpeiros Mugardos, con C.I.F G70532692 e consonte ao acordo da xunta directiva do día 29.01.2019, segundo consta na correspondente certificación do secretario da entidade, obrante no expediente de solicitude de subvención.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumplindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas.

Ámbalas partes, facendo uso da representación que ostentan e coa capacidade legal para celebrar este acto

EXPOÑEN

- Que este convenio cumple a Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvenciones (LGS), que no seu art. 22.2, xunto co art. 19.4 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, establecen que poderán concederse de forma directa aquellas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

- Que é vontade de ámbalas dúas entidades promover ás accións que contribúen á participación da cidadanía de Mugardos, na actividade deportiva e mais concretamente da mocidade no deporte base, así como apoiar as sociedades deportivas con forte implantación municipal.

- Que ámbalas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

- Que o Concello de Mugardos poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no seu orzamento.

- Que é unha actividade de fomento para favorecer a participación en competicións, torneos, ligas oficiais, mantemento de escolas deportivas e organización de eventos deportivos, que se enmarca na promoción do deporte prevista no art. 25.2.l) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Que para a formalización do presente convenio existe consignación orzamentaria suficiente na aplicación 341.48900.



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

Por todo o exposto acordase asinar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes **CLÁUSULAS**:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Mugardos e o Club Pulpeiros Mugardos, para apoiar e promover, a actividade deportiva xeral tanto na organización de eventos deportivos no Concello de Mugardos, como na da práctica regular de actividade física da cidadanía mugardesa, e máis concretamente promover a participación da mocidade no deporte base, de tal xeito que as actividades obxecto de subvención están abertas a todas/os nenas/os e á mocidade, non podendo esixir a condición de socio/a para participar na práctica deportiva das actividades obxecto do presente convenio.

Finalidade da subvención concedida: Organización de evento deportivo "Open España Montefaro Enduro Race 2019".

Gastos en: Inscripcións RFEC, Cesión de dereitos RFEC, Gastos de Xestión, licencias, arbitraxes, aloxamento árbitros, ambulancias, servizos médicos, Boletín, cronometraxe, avituallamento e comida, aluguer loxística (carpas, duchas, mesas...), dorsais, camisetas, buffs, lonas vinilíos...etc., speaker, video, actuación grupo musical e sonido, trofeos, plan prevención, gastos varios (seguros.....).

SEGUNDA. Contía da subvención.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Mugardos comprometese a destinar para esta finalidade a cantidad de DOUS MIL QUINIENTOS EUROS (2.500€) en concepto de colaboración para o financiamento dun evento deportivo tal como: organización dunha proba do Open de España de BTT, con cargo á aplicación 341.48900 do orzamento do Concello para o exercicio 2019, prorrogado de 2017.

Poderáse otorgar a subvención por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produzca un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- Responsabilidade das actuacións concertadas.

A organización das actividades obxecto deste convenio corresponde en exclusiva ao Club Pulpeiros Mugardos limitándose os compromisos municipais ao establecido no presente convenio.

O Club Pulpeiros Mugardos comprométese á organización do seguinte evento deportivo:

1. MonteFaro Enduro Race 2019 (Proba do Open de España de Enduro)

CUARTA. Obrigas do beneficiario.

En cumprimento do disposto na Base 69ª das de execución do orzamento de 2019, prorrogado de 2017, o beneficiario do presente convenio deberá cumplir os seguintes requisitos:

- a) Realizar a actividade ou actividades que fundamentan a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina a concesión ou disfrute da axuda.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Mugardos, agás que se lle concedese excepcionalmente prórroga.



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

- d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e á Seguridade Social impostas pola lexislación vixente , así como co concello.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e de control financeiro por parte da Intervención do Concello.
- f) Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que finacie as actividades que se subvencionan. O importe da subvención concedida polo Concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello.
- g) Non deberá estar incursa en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- h) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento das súas actividades a participación e colaboración do Concello de Mugardos.

QUINTA. Xustificación e forma de pagamento.

En todo caso deberase incluir na xustificación final:

1º.-Unha memoria e declaración xurada da totalidade das actividades realizadas.

2º.-Unha relación clasificada dos gastos soportados durante o periodo de vixencia do convenio.

O Club Pulpeiros Mugardos deberá xustificar a subvención outorgada no presente convenio, mediante facturas orixinais de gasto ou as súas fotocopias debidamente compulsadas xustificativas da realización das actividades subvencionadas; tamén se admitirán outros documentos xustificativos equivalentes (certificados, recibos, nóminas). Estes documentos xustificativos dos gastos deberán ser por unha contía igual ou superior á subvención concedida, certificando ademais que as contías foron destinadas ao fin para o que foi outorgada a subvención. En todo caso deberá acreditarse o pago mediante presentación de xustificador de transferencia bancaria, ou recibín do perceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.

Non se admitirán como xustificantes de gasto pagos en efectivo de contía igual ou superior a 2.500 euros por estar expresamente prohibido. (Lei 7/2012, de 29 de outubro).

3º.-Unha declaración doutras axudas ou subvencións percibidas e/ou concedidas.

4º.- Unha declaración de que a subvención destinouse a finalidade para a que foi concedida.

5º.- Documentación das publicacións (cartéis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) onde conste o escudo ou logotipo municipal.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de dous meses para a presentación da documentación xustificativa no Rexistrio de Entrada do Concello, sen exceder en todo caso o 31 de xullo de 2019. En caso de non xustificar o importe total do convenio, verase reducido o importe a percibir.

No momento da sinatura do convenio concederase un anticipo da subvención de ata un 50% da contía concedida, e unha vez que sexan xustificados os gastos subvencionados procederase, previo informe da intervención, a abonar o 50% restante.



CONCELLO DE MUĞARDOS

(A CORUÑA)

SÉXTA. Relacións laborais ou doutra orde con terceiras persoas.

Se o Club Pulpeiros Mugardos tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos/as empresarios/as ou empregadores/ as impóna a lexislación vixente en materia de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

O Concello non manterá relación laboral ningunha coas persoas que a entidade beneficiaria da axuda municipal puidera contratar nin asumirá responsabilidade de ningún tipo polo incumprimento en que o devandito beneficiario puidera incorrer.

SÉPTIMA. Duración temporal do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo ata o 31 de xullo de 2019, non obstante abarcará accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 01 de xaneiro de 2019 ata o 31 de xullo de 2019.

OITAVA.- Constitución de garantía.

Segundo establece o R D 887/2006, do 21 de xuño no seu art. 42. punto 2 c) quedan exonerados da constitución de garantía, as entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional.

NOVENA- Actuacións administrativas.

Irá a cargo do Club Pulpeiros Mugardos calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes para a realización das actividades obxecto do convenio, sendo aquela a única responsable da súa solicitude, obtención e cumprimento.

No que se refire ás infraccións e sancións administrativas a entidade que asina se someterá ao disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

DÉCIMA. Conservación de documentación.

O Club Pulpeiros Mugardos deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

UNDECIMA.- Constancia da colaboración municipal.

Cando a entidade organizadora desenvolva actos públicos ou informe, por calquera medio de comunicación ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, fará constar e difundir a colaboración municipal. Nas publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) deberá constar o escudo ou logotipo municipal.

O Concello participará na presentación dos eventos, en especial no referido expresamente no convenio, e na entrega de trofeos e actos protocolarios. O escudo do Concello deberá colocarse no podium ou lugar habilitado para a entrega de trofeos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Seguimiento das actividades subvencionadas.

É obrigación do beneficiario da subvención segundo establece a Lei 9/2007 , do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11. apartado c) " someterse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes,... aportando canta información séxalles requirida..." . Por elo a entidade beneficiaria facilitará os medios materiais e persoais, cando sexa requerido polos técnicos municipais, co fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

DÉCIMO TERCEIRA.- Lingua vehicular.

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello e o Club Pulpeiros Mugardos de Mugardos redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. Así mesmo eliminaranxe os estereotipos sexistas na linguaxe.

DÉCIMO CUARTA. Reintegro.

O Club Pulpeiros Mugardos procederá ao reintegro da contia concedida ao Concello nos supostos que están fixados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO QUINTA. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúvidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

As resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdicción contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade e exercendo as facultades expresadas, as partes comparecentes asinan o presente convenio en triplicado exemplar, no lugar e data sinalados.

O presidente.